

Obxectivos:

O obxectivo principal desta acción formativa é analizar os aspectos máis salientables da lexislación de 2015 en materia de Administración electrónica, con especial atención aos seguintes apartados:

- As notificacións electrónicas nas leis 39/2015 e 40/2015.
- A sede electrónica como instrumento para o exercicio das competencias administrativas e de relación cos cidadáns, así como a regulación dos rexistros electrónicos.
- Sistemas de identificación e de sinatura electrónica.
- Aspectos relacionados coa tramitación do procedemento administrativo, en particular, a regulación do documento electrónico, copias electrónicas, arquivo electrónico de documentos e expediente electrónico.

Persoas destinatarias:

Persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, ao servizo das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica, como local e de xustiza, dos entes instrumentais da Comunidade Autónoma, das universidades do Sistema universitario de Galicia, xuristas, profesionais, e persoas interesadas en xeral.

Convocatoria:

DOG núm. 190, do 5 de outubro de 2017.

Lugar de desenvolvemento:

Escola Galega de Administración Pública (EGAP).
R/ Madrid, 2-4. Santiago de Compostela.

Información e matrícula:

Teléfonos: 981 546 239/ 981 546 241.

Correo: novas.egap@xunta.gal / Web: <http://egap.xunta.gal>



**XUNTA
DE GALICIA**



galicia



EGAP

ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA

Curso monográfico

NOVIDADES EN MATERIA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA INTRODUCIDAS POLAS LEIS 39/2015 E 40/2015

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2017



PROGRAMA

Xoves, 19 de outubro de 2017

Mañá

10:00 h. *Inauguración.*

10:30 h. *A reforma da Administración electrónica. Unha panorámica xeral, con especial referencia ás notificacións electrónicas.*

Isaac Martín Delgado. Profesor da UCLM e director do Centro de Estudos Europeos *Luis Ortega Álvarez.*

Análise xeral das principais novidades das Leis 39/2015 e 40/2015 e estudo particular da regulación das notificacións electrónicas.

11:45 h. *A tramitación do procedemento administrativo por medios electrónicos.*

Julián Valero. Profesor da Universidade de Murcia e Coordinador de Idertec.

Análise dos aspectos relacionados coa instrución e a resolución do procedemento administrativo, con inclusión da regulación do documento electrónico, copias electrónicas, arquivo electrónico de documentos e expediente electrónico.

13:00 h. Pausa-café.

13:30 h. *A sede e os rexistros electrónicos como ferramentas imprescindibles da Administración electrónica.*

Rubén Martínez. Profesor de Dereito Administrativo da Universidade de Alacante.

Análise da sede electrónica como instrumento para o exercicio das competencias administrativas e de relación cos cidadáns, así como da regulación dos rexistros electrónicos.

Dirección académica: *Isaac Martín Delgado.*

Coordinación: *Marcos Almeida Cerrada.* Profesor da USC e Director do

OIRESP

Tarde

17:00 h. *A identificación e a autenticación por medios electrónicos.*

Ignacio Alamillo. Director xeral de *Astrea* e experto en sinatura electrónica.

Análise da regulación dos sistemas de identificación e de sinatura electrónica, tanto dos interesados como das administracións públicas.

18:15 h. Pausa-café.

18:30 h. *A implantación da tramitación electrónica integral na Xunta de Galicia.*

Isabel Pillado Quintáns. Departamento de Administración electrónica. Área de Modernización das administracións públicas da Amtega.

Análise do desenvolvemento en materia de Administración electrónica das leis estatais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.



NOTA:

Por motivos alleos á EGAP, este programa pode sufrir algunha variación. As actualizacións pódense consultar na páxina web da Escola.